

MODIFICACIÓN BASES “NADAL EN SANTISO 2020”

A modificación destas bases consiste en aumentar o espazo de decoración e o prazo para inscribirse. A continuación transcríbese o texto modificado completo:

O Concello de Santiso, convoca un concurso de decoración con motivos navideños nas vivendas do termo municipal, que ten como **obxectivos**:

- Dinamizar a participación activa da veciñanza.
- Promover e difundir a creación dun ambiente propio das datas festivas do Nadal.
- Poñer en valor o uso de materiais realizados a man, así como promover o aproveitamento de material de refugallo.
- Dar protagonismo activo á veciñanza como fonte de desenvolvemento e intervención comunitarios.

Está dirixido a todas as persoas de Santiso e as **condicións** son as seguintes:

- Poderán participar todas as vivendas situadas no termo municipal de Santiso. Fachadas, xardíns, fiestras, balcóns e interiores delas (autorizando desa maneira a entrada para sacar as fotografías)
- As persoas que queiran participar teñen que inscribirse no concurso, desde o día 4 de ata o 18 de decembro no Rexistro Municipal presentando o Anexo I.
- As decoracións deberán cumprir parámetros de seguridade para non causar prexuízos ou danos a persoas e /ou bens.
- As decoracións deben estar instaladas dende o 18 de decembro ata o 5 de xaneiro de 2021.

- Admitiranse todo tipo de materiais para a decoración e valoraranse especialmente a orixinalidade, deseño, iluminación e uso de ornamentos feitos a man ou con material de refugallo, etc.

Durante o tempo de exposición da decoración o Concello sacará fotografías que se publicarán no noso perfil de facebook.

O **xurado** puntuará de 0 a 10 atendendo ós seguintes criterios:

- Orixinalidade: Ata 1 punto
- Deseño: Ata 1 punto
- Iluminación: Ata 1 punto.
- Decoración con materiais de refugallo ou feitos a man: Ata 2 puntos.
- Visibilidade desde a vía pública: Ata 1 punto.
- Incidencia no noso perfil de facebook:

De 0 a 50 “gústame”: Ata 2 puntos.

De 50 a 100 “gústame”: Ata 3 puntos.

Máis de 100 “gústame”: Ata 4 puntos.

A suma de todos os puntos recibidos dará lugar á persoa gañadora. En caso de empate, volverase a puntuar para desempatar. Unha vez valorado polo xurado non poderá ser modificado ou manipulado. O xurado reservase a potestade de interpretar, en caso de dúbida, e de ser necesario, as seguintes bases, así como de declarar deserto o concurso. Do mesmo xeito, resolverá calquera imprevisto que poida xurdir e que non este previsto nestas bases.

Premio

A persoa gañadora recibirá como premio unha estancia para 2 persoas nun balneario e/ou un vale para gastar nos establecementos de Santiso indicados en dito vale.

A resolución do concurso comunicárase, de ser posible, ao longo do mes de xaneiro. Publicarase nas redes sociais do Concello e será comunicado por chamada telefónica á persoa galardoada.

Santiso, 11 de decembro de 2020

O alcalde

Manuel Adán López



CONCELLO
DE SANTISO

ANEXO I

DECLARACIÓN DE PARTICIPACIÓN

D.Dna..... con DNI
e domicilio en
e teléfono

DECLARA:

- Participar no concurso da “Nadal en Santiso 2020” e ser coñecedor/a das súas bases.
- Autorizar a sacar fotografías da decoración e cederlle o uso destas ó Concello.
- Respetar as decisións inapelables do xurado.

En Santiso, a de de 202...

Sinatura



CONSENTIMENTO EXPRESO PROTECCIÓN DE DATOS

RESPONSABLE	CONCELLO DE SANTISO, con C.I.F.: P-1508000-E
FINALIDADE	<i>Concello de Santiso</i> , levará a cabo o tratamento dos seus datos coa finalidade de prestar os servizos do Concello e incorporalos ao sistema de tratamento do que é responsable.
LEXITIMACIÓN	Interese público e consentimento expreso
DESTINATARIOS	-Prevese a cesión de datos cando sexa necesario para a mellor prestación de servizos -Non se contempla a transferencia internacional de datos.
DEREITOS	O PARTICIPANTE/A ten dereito a acceder aos seus datos, rectificación ou supresión, limitación do seu tratamento, ou a opoñerse ao tratamento, así como á portabilidade dos seus datos.
PROCEDENCIA DATOS	Os datos proceden do propio PARTICIPANTE/a.

O/A PARTICIPANTEmanifesta haber sido informado/a e comprendido a información anterior, de forma previa a prestar o seguinte consentimento para que se traten os seus datos persoais para a participación no concurso **NADAL EN SANTISO 2020** e se cedan de acordo ao apartado destinatarios:

O/A PARTICIPANTE: **SI / NON** (marcar so no caso de ser maior de 14 anos)

Consente que se traten os datos persoais do participante e en concreto a súa imaxe, mediante a súa captación en foto ou vídeo, para publicacións en redes sociais, páxina web e medios de comunicación, escritos e audiovisuais:

O/A PARTICIPANTE: **SI / NON**

O consentimento poderá ser revocado en calquera momento mediante comunicación ao ao Concello de Santiso, no seu domicilio en Agro do Chao, Arcediago, 15808, Santiso, A Coruña ou a través do enderezo electrónico correo@santiso.gal ou ben, ao Delegado en Protección de Datos, Román Arias Fraiz, ben no domicilio profesional de Arias Avogados, Rúa da Concordia nº1, Entlos A e B, 32003, Ourense, ou á dirección de correo electrónico protecciondedatos@ariasavogados.com, adxuntando, en ambos casos, fotocopia de documento identificativo (D.N.I., C.I.F., N.I.E., ou Pasaporte).

Sinatura do participante (maior de 14 anos)



RESPONSABLE E DPO	Responsable: <i>CONCELLO DE SANTISO</i> , con C.I.F.: P-1508000-E Dirección: Agro do Chao s/n, Arcediago, 15808, Santiso, A Coruña Teléfono: 981 81 85 01 Correo Electrónico: correo@santiso.gal Delegado en Protección de Datos: Román Arias Fraiz, N.I.F.: 44.493.377-S Dirección: Rúa da Concordia nº1 Entlo A-B, 32003, Ourense Teléfono: 988 609 224 Correo Electrónico: protecciondedatos@ariasavogados.com
FINALIDADE	<i>Concello de Santiso</i> , levará a cabo o tratamento de datos coa finalidade de desenvolver as actividades culturais de informática e reforzo educativa organizadas polo Concello de Santiso. -Non existirán decisións automatizadas nin se elaborarán perfís a partir do tratamento dos seus datos. -Os datos proporcionados ao <i>Concello de Santiso</i> , conservaranse durante o tempo que dure a prestación de servizos. Ditos datos permanecerán no sistema de tratamento do responsable. Unha vez finalizada a prestación de servizos, os datos persoais facilitados destruíranse no prazo de 30 días dende a data de finalización, salvo que por imperativo legal se teña a obrigaón de conservarlos.
LEXITIMACIÓN	Interese público (<i>art. 6.1 e) RGPD</i>), consentimento expreso (<i>art. 6.1 a) RGPD</i>), Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
DESTINATARIOS	O PARTICIPANTE/A consinte expresamente a cesión dos seus datos cando sexa necesario para a correcta prestación de servizos, sempre que unicamente se cedan os datos imprescindibles para tal fin. Procederá a ceder datos do PARTICIPANTE/A ás entidades públicas ou privadas necesarias, sempre e cando sexan adecuados e garden relación coa finalidade que se persigue. O consentimento de cesión a terceiros poderá ser revocado en calquera momento mediante comunicación ao Delegado en Protección de Datos, de acordo ao apartado seguinte, DEREITOS En caso de necesitar ceder os seus datos a un novo terceiro, solicitarase de novo, consentimento expreso sobre tal cesión en concreto, e no caso de non concederse, non se procederá á cesión, salvo que sea por imperativo legal. -Non se contemplan transferencias internacionais dos datos
DEREITOS	O PARTICIPANTE/A ten dereito a obter o acceso aos seus datos, á súa rectificación ou supresión, á limitación do seu tratamento, ou a opoñerse ao mesmo, así como á portabilidade dos seus datos, solicitándoo mediante comunicación ao Concello de Santiso, no seu domicilio en Agro do Chao, Arcediago, 15808, Santiso, A Coruña ou a través do enderezo electrónico correo@santiso.gal ou ben ao Delegado en Protección de Datos, Román Arias Fraiz, ben no domicilio profesional de <i>Arias Avogados</i> , Rúa da Concordia nº1, Entlos A e B, 32003 Ourense ou á dirección de correo electrónico protecciondedatos@ariasavogados.com , ou ben ante a AEPD a través de www.aepd.es adxuntando, en ambos casos, fotocopia de documento identificativo (D.N.I., C.I.F., N.I.E., ou Pasaporte).
PROCEDENCIA	- Os datos proceden do propio PARTICIPANTE/a

En Santiso, a de de 202...

Sinatura